



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A REALIZACIÓN DUNHA XORNADA FORMATIVA ADICIONAL SOBRE O PLAN PREMADECOR NA CORUÑA.

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto que, ademais da impartición das xornadas xa aprobadas por Resolución 39.410, do 23 de setembro, nas localidades de Ortigueira, Teixeiro-Curtis, Baio-Zas e Lousame, o CADECOR ten informado a conveniencia de que se imparta unha xornada adicional de formación sobre o PLAN PREMADECOR na localidade de A Coruña, co fin de posibilitar a máxima asistencia posible do persoal de Administración local que presta servizos nesta cidade;

Visto asemade que algunhas das persoas en exercicio dun cargo representativo teñen manifestado dificultades de axenda para asistir de xeito presencial a algunha das xornadas xa convocadas,

Por outra banda, considerando que o Código ético aplicábel aos membros do Consello de Contas non lle permite aos mesmos cobrar honorarios pola participación en relatorios nin a realización de ningunha outra actividade retribuída,

E tomando en consideración os antecedentes xa expostos na Resolución 39.410/2022, do 23 de setembro:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL



RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a realización dunha acción formativa adicional titulada **“Medidas para previr o fraude e a corrupción na Administración Local. O Plan PREMADECOR da Deputación Provincial da Coruña”**, que terá lugar na Sala “Juanjo Gallo” do Pazo Provincial, o día 1 de decembro de 2022, coa mesma orde do día e designación de relatores, tal como foi aprobado na Resolución 39.410, do 23 de setembro de 2022.

SEGUNDO.- Que dita xornada sexa gravada para a súa retransmisión a través de Internet, de xeito que así se posibilite a asistencia a todas as persoas interesadas que non poidan acudir de xeito presencial. Asemade, a exposición dos relatorios, ao quedar gravada, será inxerida con posterioridade na páxina web www.dacoruna.gal, quedando dispoñíbel para todas as persoas interesadas durante un período de tres meses.

Para o efecto de que poida acreditarse a formación recibida, o Servizo de Administración electrónica establecerá os mecanismos de control necesarios que permitan verificar o efectivo seguimento dos relatorios. Unha vez realizadas as comprobacións necesarias, poderase expedir un certificado de asistencia a todas as persoas que así o soliciten e teñan cumprido o requisito de ter seguido coa atención suficiente os catro relatorios.

TERCEIRO.- Deixar sen efecto o apartado sexto da Resolución 39.410, do 23 de setembro, estendendo con carácter exemplar as disposicións do Código ético dos membros do Consello de Contas a todas as persoas que foron designadas como relatores nestas xornadas, de xeito que non percibirán retribución ningunha pola preparación previa e exposición pública dos seus coñecementos nesta materia.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**



INTERVENCIÓN XERAL

Para o persoal da Deputación, o tempo de preparación, asistencia e exposición pública será considerado a efectos do cómputo da xornada habitual de traballo.

Ao non devindicarse gasto ningún pola impartición dos relatorios, debe deixarse sen efecto o compromiso de gasto xa contabilizado segundo a Resolución 39.410, do 23 de setembro.

A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia.